

CADERNO DE BITÁCORA DA LXI SINGLADURA DA FESTA DA DORNA

*Actos a celebrar co gallo do LXI *(sesentaún, pra os que non lean romano) aniversario da botadura da dorna "Virgen del Carmen", axeitándonos ó expresado no noso caderno de bitácora:*

VENRES 17 DE XULLO

*Día adicado ao xastre de Camps, pola consiensa ecolóxica mostrada ao faser as facturas en papel autodestructible, coma o jefe do Inspector Jadchet.
..... aljunhas "malas lencuas" din que Trillo ("viva Honduras !!!") contrataba avións deste mesmo material,*

12.02 h. O FACHO DORNEIRO percorrerá as rúas da novena a eso das dose do día, con saída no **Chirinjito de Coroso** e chejada no monumento á dorna do **Parque Pedra Pateira**.

Así que xa sabedes, deixade os juarisnais, chinfrós, solysombras e tomajauks na barra e salide das fanequeiras a animar aos relevistas, que paresedes da Puebla de tanto *palanquinear (*jodechinchos: 1- tener alergia, fobia o animadversión al trabajo, no pegar pancada, 2- según Juan Plaza, lo que hace su hermano Tucho cuando no saca fotos, 3- En la vecina localidad de la Puebla del Caramiñal está de moda desde el siglo XII).

Orjanisa: Asamblea de Peñas Dorneiras

17.08 h. ENJALANAMENTO DAS FANEQUEIRAS (tamén chamado **Marotismo**). Ide poñendo as brochas, rodillos e peintpartners en ajuarrás, e acabando cas últimas mans de estuco, jotelé e fen sui nas fanequeiras autorizadas, que xa está a piques de chejar o insobornable xurado.

***** Nota do xurado :** Aconsellamos a tódalas peñas sejr o manual de Berlusconi sobre o comportarmento do bo anfitrión !!!

P.S: O Möet Chandon a non máis de 7 °C, fajan o favor, non ser da aldea.

Orjanisan: Ratonos de la Isla e Muxo Beti.

00.04 h. JRAN JUATEQUE DORNEIRO no *Metadona's Parking (Chirinjito de Coroso) .

Colabora ca festa comprando a entrada, bótate uns juarisnais e ven a jastar pista a Coroso !!!! Este ano con umundo de novidades e eróticos cuncursos Como tributo dorneiro ao difunto de Maikel Llakson non se permitirá a entrada aos que lusan moreno chapapote de solarium (a menos que mostren pasaporte peruano); e será oblijatorio levar calsetíns blancos por ensima do pantalón con

www.BarPlaza.com

Punto de encontro



sapatos de borlitas, un juante bañado en purpurina (non valen os de rejateira con escamas pegadas), prótesis nos pómulos e alomenos dúas rinoplastias.

Patrosina: *Clínica Estética Dr. Mariño (*o Dr. House do Barbansa).

***** Nota da orjanisación:** Rojamos aos xornalistas da Vos de Jalisia e ao resto de seres vivos con puljar oponible que vaian de botellón á praia, non fajan coma sempre e boten os cascacos nos contenedores. Si non queren colaborar ca festa pajando a entrada, que alomenos non deixen todo coma os porcos, a enlizar á Puebla.

SÁBADO 18 DE XULLO

Día adicado a "Il Cavaliere" D. Silvio Berlusconi, dorneiro de calidade 2009 (ay papito!!, esas sí que son festas e non os Sanjuerguines)

16.01 e pico h. A elite internacional do deporte dorneiro daráse sita un ano máis sobre a aréa de Coroso: Fermín Escacho, Pau Jasoi, Cristiano Repinaldo, Serjei Vodka, os máis ilustres deportistas do planeta mediranse nesta nova edición dos **XIX XOJOS E DEPORTES POPULARES DE TERRA**, no **Coroso Arena Stadium** (merendeiro de Coroso).

O **chirinjito dorneiro** despachará chinfrós de nandrolona, chupitos de EPO con jasiosa, ... e repartirá posavasos co canalillo de Lusía Lapiedra impreso antes de pasar o rijuroso control antidopinj

******* Será oblijatorio antes de entrar en competición estar por ensima dos vinte asumbres (aprox. 2 capachos rasos) de testosterona en sancre.

Disiplinas deportivas e peñas orjanisadoras (que son casi as mesmas de sempre, as peñas novas paresen todas da Puebla, tendes menos solás que o fotógrafo do BOE)

Tiro de corda
Xogos para nenos
Malote´s Party
Chapas
Pulso Jitano
Xojo do Limbo
Xojos de cartas
Tiratacos
Pano
Carreiras de fleje
Martín pescador
Carreiras de Camareiros
Peletra
Ovo, Pico, araña

Caracolas en Sirolas
Kirieleixon, Caracolas e mexillons + cabrons
Cajaboy Island
Atuna Nejra
Comando Dorneiro
Pateiros palangreiros
Pateiros palangreiros
Persebes coma puños
Ratos da Illa
Ratos da Illa
Ratos da Illa
Comando Dorneiro
As javotas van jopas
Pedra Pateira



PUB DESTRAJIS



Saltar á corda
Pión
Futbolín
Potro ensebado
Mecajo no Portátil
Pulsos
Dominó
Campeonato de Ping-Pong

Caracolas en sirolas
O rapante do mercante
Comando Dorneiro
Os serráns máis marráns
Cajaboy Island
Pedra pateira
Pintos
Caracolas en Sirolas

21.23 h. Si es fan de Parrita (o Demis Roussos de Penamoa - o Manjattan coruñés -) e cando vas ao karaoke pides cansións de *Juan Mosquera, (*jodechinchos: 1- Popular cantante riveirense conocido con el sobrenombre de "el ruiseñor de Frións", su disco más popular "Good morning Juan Mosquera", compuesto junto a J. Lenon y P. Mcarni recibió nada menos que 83 Grammys) non te perdas o **XX SERTAMEN ITINERANTE DE CANSION DE TASCA.**

Os triunfitos dorneiros poñerán banda sonora ás **fanequeiras autorizadas**, pra desgrasia de jodechinchos, comeparrochas e fockinsardiñas que andan de tapiñas a estas horas.

Vailles a acordar a allada!!!

Apuntadevos no local da Cofradia, no callejón de enfrente do Banco Santander, metendo un papeliño debaixo da porta co nome da peña e da fanequeira antes do Viernes 17

Orjanisan: Tabeiróns Caralludos

***** Nota da orjanisación:** Os jodechinchos que veñan con encofrados de sera nas orellas serán oblijados a formar parte da comisión de festas dos Sanjuerguines 2010, e a faser a procesión do Nasareno en sirolas e de rodillas.

***** nota mental pa os da Puebla:** Cari, ... va a ser mejor que hoy vayamos a cenar a Boiro.

00:06 Si non chejou con romperlle a cabeza aos mortales cos máis atersiopelados alaridos destrajátimpanos, agora toca ir a darlle a murja a nuestro señoriño. **JRAN FINAL DO XX SERTAME ITINERANTE DE CANSION DE TASCA** no porche da Jesusito's House (atrio da ijlesia).

Finalizado o calvario, amenisaran a noite polas rúas da Sentenaria os **Kilomberos de High Mountain.** (Monte Alto para los de La Coru, neno)

Een canto remate a Jran Final da Cansion de Tasca..... : FESTA FLAJUER PAJUER IBISENCA tipo anos 60, na **Plasa de Vijo.**

Empáchate de jlamur, e jomita flores.

Orjanisan: Kirie Eleison



DOMINCO 19 DE XULLO

Día adicado á “barra de pan” do ex primeiro ministro checo Ilmo. Sr. Topolanek (a chamada, “trompa de checoslovaquio”)(** véase “Fiestas picantes de Berlusconi”, diario El País)

18:32 h. EXPOSICIÓN DOS BÓLIDOS participantes no Jran Prix de Carrilanas no paseo do malicón.

Si pensas que Ecleston e unha juisquería nova que abriron en Escarabote de véis, e o único que che interesa dos coches é que teñan condóns na juantera e asientos reclinables, ven polo menos a verlle o canalillo á mosa de Briatore (non esquesan levar vasieiro colgado ao pescoso pa as babas).

20.07 h. O alto da **Costa da Mámoa** será un ano máis punto de partida do **XIX JRAN PRIX DE CARRILANAS**.

Coma tódolos anos farase control étílico antifarruquitos e antipacuchitos antes de comensar a proba pra evitar desjrasias.

A Orjanisación ten pensado reforsar especialmente a sejuridá das mansebas que ajuantan dos parajüas na parrilla de saída pra evitar tocamentos lujuriosos. As asafatas irán provistas de brajas de mampostería con alambre de espiño electricificado na xireta e piterpáns con *jaramillos.

(*jodechinchos: 1- trampa cazaratones, 2- En Sanjenjo y La Puebla la gente fina los llaman “atrapamikis” o “jaramaíces”, 3- Apellido más común entre los sargentos de la Guardia Civil).

Orjanisan: Navallas Matarraias


***AVISO MOI SERIO DA ORJANISACIÓN:**

A REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA TEN COMO PRINSIPAL PREMISA EVITAR DESJRSIAS EN TODALAS ACTIVIDADES ORJANISADAS DURANTE A FESTA DA DORNA. POR ELO ROJAMOS AOS ESPECTADORES DO JRAN PRIX DE CARRILANAS, NON INVADAN O *ASFALTO (*jodechinchos: a parte máis nejra, coma na nosilla) DURANTE A DISPUTA DA PROBA, E FAJAN CASO EN TODO MOMENTO ÁS INDICACIÓN DADAS POLA ORJANISACIÓN. ASVERTIMOS QUE UN PAR DE MEMBROS DA COFRADÍA SACARON ULTIMAMENTE O PERMISO DE ARMAS DE FUEJO E SON DIRECTIVOS DA “ASOSIASIÓN DEL RIFLE DE BRETAL”, ... SIASCASO NON TENTEDES Á SUERTE.

23.03:33 h. I SELULOIDE’S DAY. FESTIVAL DE SINE DE CANS de palleiro.

Na **Plasa de Vijo** (ex-plasa do pirulí, pa os borrachiños a Plasa do Bare)

Maratón de vídeos dorneiros do ano *catapúmqueninseacordaun (*fijádevos si hai tempo que se jrabou esto, que daquela aínda non existían as tanjas.



Podemos asejurar que tódalas actrices que salen nos vídeos levaban prendas íntimas de alomenos ferrado e medio de jénero. Aproveitaremos unha desas brajas pra faser de pantalla).

Entre sentos de miles de dusias de videos dorneiros, tamen poderede ver tres cortos* (**jodechinchos*** 1- Habitante de la Puebla, 2- Filme de menos de 20 minutos de duración) grabados por mestres e alumnos do I.E.S. Leliadoura dentro do proxecto Rodaxe.

Acabarase o festival ca prolección do clásico de terror “**Riveira bajo el terror de los zombies**”, prepárate que vas a cajar por ti !!!

*** **nota mental pa os da Puebla:** Levar calsonsillo limpo na riñonera pa despois da pilícula.

Unha curtametraxe de **Ratones de la Isla Produccións.**

MARTES 21

Concerto diante da Caseira a cargo do fantabuloso e multilingüe grupo The Covers, os jackson's faif brancos do barbansa. Un comando de musicos armados con todo tipo de instrumentos e capitaneados polo unico home que non pode entrar na carpa do juateque porque lle toca a cresta no teito, Fer o do Triskel.


MÉRCORES 22 DE XULLO

*Día adicado ao *diosquetefixo(*jodechinchos: Eufemismo gallego que se puede sustituir por cualquier insulto catalogado, la contundencia del mismo vendrá determinada por el grado de turjencia de la arteria carótida del que lo pronuncia).*

18.03 h. ROCK&DORNA desibelios coma pa unha boda no **Parque Jarsía Bayón.** Non se olviden de pasarlle a ITV aos marcapasos e de enjrasar como é debido as prótesis de cadera antes de salir da casa, que volvemos a darlle lume ao corpo dende as 6.03 h. da tarde ata as 3.07 h. da mañán, jrasias á colaboración dunha serie de bandas locais que se enrollaron umundo e veñen a tocar polo caldo. **JRASIAS MACHIÑOS !!!**

Estes son os **jrupasos** e os **horarios previstos:**

18.03 h. Os Krasta
19.01 h. Os Piruflauticos
20.05 h. La Mugre
21.07 h. Os tutos
22.02 h. Areavasta
23.09 h. Tombstone Band
00.06 h. Politoxicomanós
01.04 h. Oito Ferrados
02.08 h. Ribeira Enferma



CLÍNICA DENTAL
Dr. VÁZQUEZ

Dr. Iván Vázquez Navas
Cirugía e Implantés

C/. Clara Campoamor, 2 - 1º B
15960 RIBEIRA (A CORUÑA)
Telf.: 981 87 24 81
URGENCIAS 24 h.: 670 777 227



Tfnos. 981 873 974 - 981 872 960

Praia de Coroso - RIVEIRA

**** Dende as 19:01 h. a mundialmente reconosida tatuadora marroquí **Hakima** encarjarase de faser jarabatos de jenna (**jodechinchos: 1- henna, 2- Eugenia*), sobre os corpos de dorneiros e jodechinchos que se achejen a ella e non vai cobrar chica, todo de por conta da cofradía dentro de plan 12 meses, 12 mosas, a ver si con un tatuaje e unha ducha (esta poñedela vos) lijades dunha ves por todas.

19.21h. Solás, destresa, *maña (**jodechinchos: mujer de Aragón*), maestría nas artes amatorias, potencia ventricular, capasadá de alarjamento de pestañas, diámetro do píloro, e un larjo etsétera de habilidades inútiles mediranse nesta nova edición do **MARATASÓN** dorneiro.

Si fostes capás de levantar un tractor co esófajo e consejistes dobrar un tubo de asero fasendo palanca nos empastes, esta é a túa competición.

Orjanisan: *Carallos de Rei (**jodechinchos: genitales masculinos de monarca*) * **ATENCIÓN !!! ESTE ÚLTIMO CHISTE É EXCLUSIVO PARA LISENSIADOS, NON TRATEN DE COLLELO OS QUE FIXERON FP, NIN OS DA ESCUELA DE DENOITE ...**)

21.05 h. Mentras os trotamúsicos continúan destrosando jitaras a jolpe de uñaso e as fans máis fojosas enchen o exsenario de juorderbrás, xustillos e jranadas de mano e o que che vai é o *peixe (**e non refiro a que polos teus instintos sexuales che juste máis morder almohadas, que soplar nuças*), non te incomodes porque este ano recuperamos a mítica sardiñada, **SARDIÑADA RELOADED**, jrasias á colaboración de **COYOMAR E** todo de *clocló (**jodechinchos: Gratis, sin gastar dinero ni realizar a cambio favores sexuales aunque desta segunda modalidade, hai gente de la directiva que asepta propinas*)

Orjanisan: Os serráns mais marrans

Colaboram: Sija-la raia e os mexillons mais cabrons

XOVES 23 DE XULLO

Día adicado ó fulano que enterrou un tesoro naljunha calle da sentenaria, e que dende fai uns anos ten en jake ós mandamases do consello que non fan mais que reventar aseras e asfalto a ver si o atopan.

16.12 h. XIX XOJOS E DEPORTES POPULARES VERSIÓN MAR no **peirao ribeirense** donde os máis ajerridos dorneiros volveran dar conta das súas habilidades a hora de pescar muxos radiactivos a liñón, curar as hernias discales isando a candorca ou rejuveneser a epidermis na morca do muelle do jas. O noso presidente amosará, para *deleite (**jodechinchos: deleche*) do respectable, as secretas técnicas da milanaria arte do "Planchón no lombo".

DIGAR DE ARTES, S.L.

CERRAJERÍA Y CARPINTERÍA DE ALUMINIO

Lgar. Outeiro nº 77
15969 ARTES-RIVEIRA
(La Coruña)
Telef. 981.872306
Fax 981.872732

Cúpula
Rua Escorial
- Ribeira -

Xojos e peñas orjanisadoras:

Isa-la candorca
Lansamento de Risón
Pesca do muxo radiactivo
Travesía a nado
Achikeitor
Saltos dende o paredón
Colle-lo parrulo
Pau ensebado

Rape´s
Rape´s
Tallantes con Tirantes + Pateiros palangreiros
Muxo Beti
Cajaboi Island
Camaróns vasilóns
O rapante do mercante
O rapante do mercante

20.01 h. JUAN PREMIO ÍCARO DE VOO SEN MOTOR na punta do **muelle grande**. Os últimos avances da industria aeronáutica poderánse contemplar no peirao riveirense. Si estás máis colgado que o botafumeiro da catedral de Santiago e non che importa romper catro costillas co planchazo do amerisaje, quisá encontres plasa de asafato en aljún avión dorneiro.

***Nota da organización:** A Real e Ilustre Cofradía da Dorna comprométese a solisitar ao goberno un funeral de estado para todos aqueles pilotos que demostren arrojo, valentía, amor patrio e deixen viúdas con máis de 120 de peito de entre 18 e 45 anos.

Organizan: Vikinjos da Tomasa

22.08 h. EXAME DE PATRÓNS no **Malicón**

Os patróns das peñas noveles terán que demostrar os seus coñecementos mariñeiros ante o Alto e Jordo Tribunal Dorneiro.

***Nota da organización:** Os que veñan sin soborno serán castigados a 50 latijazos, violación en xrupe, e oblijaráselle a permanecer 15 días no campinje de Cabío cos jastos pajos e a tomar a tapa no Arg-manitas.

22.76 h. Escorrentaremos os malos espíritos ca **MACROQUEIMADA DORNEIRA** que nos teñen preparada os druidas de **As Lampreas máis preas. No Malicón**

***Nota da organización:** Rojamos moderación á hora de encher o tanque con este tipo de bebidas espirituosas de alta graduación, aconsellamos non beber máis alá dos 3 cachos.

00:31 h. CONSIERTASO no **malicón** a cargo de:

CHOTOKOEU e RECAMBIOS TUCHO

VENRES 24 DE XULLO DIA DA DORNA (casi festivo local)

Día adicado ó Comité de Empresa da Frinsa que, conosedores da realidade riveirense, e pasando de Jose Luis "La patrona no se toca" Torres, desideu darlle o seus traballadores festivo para que poidan desfrutar da mellor festa da centenaria por segundo ano consecutivo. Con esto o marcador queda como sije:

*Don Ramiro 2
El Alcalde 0*

11.42 h. EXPOVARADA DE EMBARCASIÓNS, diante do Bulevar (**malicón**). Os comisarios da orjanisación inspeccionarán os cascos das embarcacións partisipantes na XX Rejata Cutre Sark, mentras un aura de jlamur envolve o paseo do malecón riveirense. Camisas planchadas, cheiro a Barón Dandy, bolsillos carjados de Ferrero Roxé, ... e máis palanquíns por metro cuadrado que no árbol jenealójico dos primos dos Borbóns ... poderanse ver a estas horiñas polas terrazas das fanequeiras do malecón.

***Nota da Orjanisación:** Pra manter o caché da proba propóñense os sejintes consellos estéticos:

**** Pra os tripulantes macho:** Sombreiro de kaoboi, americana blanca e bastón co manco tallado.

**** Para as femias:** Trikini de jasa e injle brasileira.

13.11 h. O campo de rejatas de **Funtao Blue Beach (Praia Fontao)** está a escachar de xente esperando o pistoletaso de saída da **XX REJATA DE EMBARCASIONS FEITAS Á MACHADA E PROPULSADAS A PAN DE MILLO. JRAN PREMIO CUTRE SARK e JRAN PREMIO LUIS PUTTON DE VELA.** Donde dusias de miles de obxetos flotantes surcaran as cristalinas ajuas da ría de arousa para faserse co presiado trofeo.

15.01 e pico h. Hora do lonche no **Merendeiro de Coroso** nunha nova edición da pupular **ROMARÍA DORNEIRA.**

Empanadas, pizzas, tortillas de ovos da casa, croquetas de chandarme, almóndijas de majré de pato, brochetas de jaxapo repoñerán as forsas dos mariñeiros e jodechinchos conjrejados en Coroso. (a comer de clo-cló ajain).

Non te olvides de supervitaminarte e supermineralisarte no **Chirinjito Dorneiro.**
Orjanisan: Ratos da Illa

16.22 h. Despois de recarjar as pilas toca poñer a funcionar o selebro nunha nova edición do **CAMPIONATO MUNDIAL DE CHINCHIMONEI.**

Si crees que tes máis luses que a casa que hai entrando á Puebla a man dereita en navidá e non tes problemas para diferensiar unha carioca dun arroás, tes vía libre para partisipar.

Orjanisan: Cajaboi Island

E xusto despois tera lujar a Mini-Olimpiada dorneira cos sejintes xojos:

E ti de quén ves sendo?

Carreiras de sacos

O parvo das sillas

Carretillas

Atuna Nejra

Pescadillas con ladillas

Pescadillas con ladillas e Muxo Beti

Pescadillas con ladillas

00.16 h. CONCURSO DE JÍ-JÓ.

Poetas urbáns chejados dende toda jalisia e parte do extranxeiro mediránse nesta pelea de jallos a base de sinalefas, anástrofes e leixa prens.

Prohibiranse rimas do tipo:

*Torres Colomer é un alcalde cativo,
porque o 24 sije sin ser festivo*

ou

*Berlusconi é un cristiano moi devoto,
aínda que lle juste enseñar escroto.*

Como é de ben nasidos ser ajradesidos:

Concello de Riveira

Cruz Vermella do Mar

Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Riveira

Policia Local

Cáritas Parroquial

Os seguintes comercios e hosteleiros de Riveira:

BAR DOBLE S
BAR MIRAMAR
BAR KUKUA
HIJOS DE ADELINO PAZ
FERRETERIA PORTOFERR
KIOSCO A RULIÑA
BAR O CARBALLOSO
BAR BAHIA
BAR A FIESTA
BODEGON CASTELAO
DOCES A MARICOLA
ADMON LOTERIAS N°1
PODOLOGIA STA UXIA
RESTAURANTE JENARO
O RINCON DE BASELA
HOSTAL COLON
FARMACIA RODRIGUEZ ALVAREZ
HOSTAL ANCORA
U.P.I. INFORMATICA
BAR A GALEGUIÑA
RESTAURANTE O PEDROUSO
ELECTRODOMESTICOS JESUS
SANTIAGO
ROSMAN RIVEIRA
FARMACIA RUIZ
CHIC LATINO
PILLADOS
CENTRO MEDICO RIBEIRA
ALMACENES SILVA
FERRETERIA MARIANO
COSMOS
MAKAO
ESTANCO N°5
CARNICERIA MANOLO
ESPACIO SC DECORACION
ARRÓ BARBANZA
GOLFOX
O FRANCO
FARMACIA VILLAMIL-REINOSA
BAZAR DE OUJO
HAMBURGUESERIA O CUBANO

RESTAURANTE AIROA
BOMBON CAFÉ
PEPE'S PUB
OTEAR
VENTOS
ESMORGA
PENÍN
GOLOSINAS KARAMELO
CAPITÁN MORGAN
ATALLO
KEBAB CARBALLEIRA
N´SKINA
MARUXÍA
MANHATAN
ALOHA
VIFER
GALEÓN
FARO DE ALEJANDRÍA
CRUCEIRO
SUMINISTROS SANTA UXÍA
MESÓN ALBARIÑO
BALADO
DOMINIUM
AS FILLAS DE BANDE
FARMACIA SANMAMED
HOSTEEL
BLUE SHELL
JAVI MILLAN PEREZ

... e a miles de peñeiros

**II CUNCURSO "ORQUESTA
CHEIRACAPESTA", DE POSTERS
PROMOSIONALES DE CONJUNTOS
MUSICAIS E CANSIÓN LIJERA, CON
ESTÉTICA ANOS 80.**

***** Anunsia a túa cansión de tasca por
tódalas fanequeiras autorizadas cun póster
promosional de orquesta cheirenta,
photoshopeando as caras dos teus colejas
ensima.**